



PLAN DIXITAL

[IES O Couto]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome: IES O Couto

Dirección: Rúa Rampa de Sas S/N, Ourense

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescouto/>

Correo electrónico: ies.couto@edu.xunta.gal

Ensino: ESO e bacharelato

Total alumnado: 463

Total profesorado: 53

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES O Couto é un instituto de barrio da cidade de Ourense. Trátase dun barrio populoso, de arredor de trinta mil habitantes, e na mesma área educativa existe un centro de ensino concertado e un centro de educación permanente de adultos. O perfil socioeconómico máis común dos pais e nais do noso alumnado correspóndese a traballadores por conta allea, aínda que tamén existen porcentaxes relevantes de funcionarios e pequenos empresarios. Parece de interese destacar que o barrio do Couto é un dos que de maneira preferente acolle desde hai anos poboación inmigrante que chega á cidade de Ourense, e iso ten o seu reflexo na nosa comunidade educativa, en que convive alumnado con pais de distintas procedencias, tanto comunitarias como extracomunitarias.

Nun centro das nosas características, o Plan Dixital ten que dar acollida a todas as realidades presentes na nosa comunidade educativa. A eficacia do Plan Dixital medirase tamén, entre outros indicadores de logro, á hora de establecer en que medida mellorou o noso traballo de aula e a inserción escolar do alumnado máis desfavorecido, así como no que tivo de mellora da nosa actividade docente e de xestión de documentos docentes e relativos á administración escolar. O IES O Couto participa en distintos plans e proxectos de mellora educativa (PROA, Proxecta, seminarios e grupos de traballo do CFR...). De todos eles, se cadra o Club de ciencias, que funciona hai anos no noso centro sexa dos máis acaídos no que fai aos contidos do PD. Agardamos, e ese é un dos nosos indicadores de logro máis relevantes, que o labor que desenvolvamos desde o grupo do Plan Dixital teña unha traslación, cando menos parcial, ao Proxecto Educativo de centro así como ao resto dos documentos e prácticas docentes polas que se ordenan as actividades no seo da nosa comunidade educativa, no entendemento que o que aquí se elabore non pode quedar circunscrito ao ámbito exclusivo dos integrantes do grupo elaborador e ten que ter algún tipo de aplicación para o conxunto da comunidade educativa.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do plan dixital o centro solicitou un PFPP Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital, fíxose un grupo de traballo para discutir ideas en pequeno grupo levalas ante o resto do claustro e alí recoller ideas para o grupo de traballo. Dese xeito recolleamos a opinión da maioría das persoas do claustro para elaborar de maneira fundamentada o noso plan, ao tempo que conseguimos implementar un proceso que abrangue un maior número de membros da comunidade educativa, circunstancias ambas que entendemos que contribuirán a mellorar o resultado final do traballo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta con conexións cableadas en todas as aulas do centro, tamén dispón de WIFI propia, wifi de edu.xunta e a wifi Abalar.

Dispón tamén o centro de equipamento Abalar (bastante deteriorado polo uso nalgúns equipos) para 1º e 2º da ESO. Hai un ordenador para o profesor/a en cada aula do centro (algún moi vello), hai varios ordenadores a disposición do alumnado na biblioteca, e dispón tamén de dúas aulas de informática unha grande e outra pequena (van quedar curtas o curso que ven coas novas materias de 1º e 3º da ESO, e aínda máis curtas dentro de dous anos cando apareza a materia de Tecnoloxía e dixitalización de 2º ESO). Nos departamentos tamén hai un ordenador con conexión a internet, temos varios portátiles para o club de ciencias e tamén dispomos de varios ordenadores na sala de profesores con conexión a internet.

O centro dispón dos servizos propios da consellería, aula virtual, páxina web, galería de fotos, abalar móbil, etc

O mantemento dos equipos informáticos lévaos unha empresa externa ao centro e o mantemento da aula virtual, páxina web lévase a cabo por profesores do centro

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3,8	3,3		
	Profesorado		3,3	3,4		
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3,4	3,2		
	Profesorado		2,7	3		
	Alumnado		3,4	2,7		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3,8	3,5		
	Profesorado		3,5	4,1		
	Alumnado		3,7	3,4		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3,4	3,4		
	Profesorado		3,4	3,2		
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		4	3,9		
	Profesorado		3,8	4		
	Alumnado		3,9	3,8		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,4	3,1		
	Profesorado		3,1	3		
	Alumnado		3,3	2,9		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		2,8	2,5		
	Profesorado		2,7	3		
	Alumnado		3	2,6		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,5	3,1		
	Profesorado		3,2	3,2		
	Alumnado		3,4	3,2		

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	20	32	62,5%
PROVISIONAL	2	5	40%
INTERINO	4	13	30,8%
SUBSTITUTO	1	5	20%
DESPRAZADO	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
74,9	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	72,9	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	66,1	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	11	39,3%
B1	13	46,4%
B2	3	10,7%
C1	1	3,6%
C2		
TOTAL	28	100,00%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	-(C2,C8) Na ESO hai dispositivos dixitais para a ensinanza -O alumnado dispón de dispositivos portátiles que pode levar á casa no caso que sexa necesario. -(C3) Bo acceso a internet	-(C2,C8) Boa parte dos equipos para ceder aos alumnos están obsoletos ou deteriorados. -Só hai un par de aulas de informática para todos os grupos do centro, e unha delas é pequena
	PERSOAL DOCENTE	-(E1) O profesorado usa recursos educativos en liña	-(G1, G3, G6) Pouca retroalimentación e coavaliación
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	-(E3) Emprego de plataformas en liña -(H7) O alumnado aprende a crear contidos dixitais	-(G5) Pouca autorreflexión -(G6) Avaliación entre iguais
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	-(C3) Bo acceso a internet	-A resolución de problemas non é todo o áxil que debería

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	-Financiación europea -Existen plans de formación para o profesorado	-Incremento da carga burocrática en detrimento da produtividade -Moito profesorado con carácter provisional nos centros -Os problemas que xorden nos equipos non obteñen solución rápida -A comunicación coas familias non é suficientemente áxil
	LEXISLACIÓN		-Falta de estabilidade normativa no sistema educativo
	CONTORNA		
	ANPA	-As familias ven necesaria unha educación dixital	-Brecha dixital na contorna
	OUTRAS ENTIDADES		-Os recursos para repartir son finitos

3. Plan de Acción

O plan de acción previsto para o ano escolar 2022.2023 ten entre as súas fundamentacións a da promoción do software libre na comunidade educativa do centro, porque entendemos que esta elección facilitará a incorporación xeral do conxunto do alumnado ao contorno dixital e, asemade, esta incorporación producirase dentro dun contorno amigable, completamente legal e sustentable. De acordo con estes principios, as liñas básicas do plan de acción para o Plan Dixital no curso 2022-2023 son as seguintes:

1. Instalación de software libre no IES O Couto.
2. Emprego de software libre no IES O Couto.
3. Coñecer os tipos de licencias de uso dos recursos dixitais (Primeiro e segundo de ESO)

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos deste plan de acción deseñáronse á luz dos datos obtidos na análise DAFO elaborada no primeiro ano do PD (2021-2022). Segundo se constatou na análise DAFO, unha das carencias principais en canto ao ámbito dixital de actuación no noso centro escolar era a referida á brecha dixital. Entendemos que a incorporación do software libre como vehículo preferencial para dar soporte aos equipos de traballo, tanto no centro coma fóra del, pode resultar unha ferramenta efectiva para limitar os efectos desa brecha na nosa comunidade escolar, ao supoñer unha vía de actualización sustentable e accesible ao conxunto dos escolares e as súas familias. Desta maneira, a incorporación do software libre convértese nun dos obxectivos preferentes de actuación para o próximo curso.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A infraestrutura do centro é suficiente polo de agora, todas as aulas teñen conexión a internet por cable ou por Wifi.

No caso do equipamento coas novas materias introducidas pola LOMLOE, o centro necesitaría ou ben unha nova aula de informática ou ben un aula móbil xa que o centro dispón dunha aula de informática na que colle un grupo enteiro, e unha de audiovisuais pequena na que só collen uns poucos alumnos.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": Propostas polo centro educativo						
OBXECTIVO 1 (1):	Instalación de software libre no IES O Couto				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado e equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de equipos que teñen instalado software libre no centro					
Valor de partida (3)	20% dos equipos teñen aplicacións de software libre					
Valor previsto e data (4)	100% dos equipos teñen aplicacións de software libre					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)
AO1.1: Instalar aplicacións de software libre no centro	Equipo directivo e encargados das TIC	30 de novembro	Internet para descargar LibreOffice, Firefox e alternativas de software libre a programas privativos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Verificar que os equipos teñen instalado dito software	Profesorado	30 de novembro	Equipos e conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Propostas polo centro educativo						
1. OBTXECTIVO (1):	Emprego de software libre no IES O Couto				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado e equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBTXECTIVO (2)	Porcentaxe de profesorado que emprega software libre no centro					
Valor de partida (3)	3%					
Valor previsto e data (4)	50%					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Difundir programas de software libre e impartir formación para non depender de software propietario	Profesorado con experiencia ou coñecementos previos	30 de xuño	Paquete ofimático LibreOffice, equipo e conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": H. Competencia dixital do alumnado						
2. OBXECTIVO (1):	Coñecer os tipos de licencias de uso dos recursos dixitais (Primeiro e segundo da ESO)				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado de tecnoloxía e dixitalización				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Resultado dun cuestionario					
Valor de partida (3)	0% de recoñecemento de uso das licencias					
Valor previsto e data (4)	100% de recoñecemento de uso das licencias					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Recoñecer os tipos de licenzas que existen e o seu uso	Profesorado de tecnoloxía e dixitalización	20 outubro	Documentación cos tipos de licencias. Proxector e/ou encerado dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Cuestionario/tarefa para comprobar o bo uso das diferentes licenzas	Profesorado e alumnado	22 decembro	Equipamento informático. Aula virtual e conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (*Specific*), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles** (*Measurable*), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables** (*Achievable*), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante** (*Relevant*), debemos formular obxectivos que carrexen un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo** (*Time bound*), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

- Avaliación procesual. Este nivel de avaliación realizarase cunha frecuencia trimestral e entre os aspectos que se revisarán están o estado de execución das accións previstas, a análise e valoración dos resultados e, de se daren, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- Avaliación final. O apartado de avaliación inclúe tamén unha avaliación final global, que se realizará ao final de curso e na que serán revisadas, entre outras, a valoración en grupo do nivel de logro dos obxectivos e as propostas de mellora que se prevé introducir de cara a cursos próximos.

5. Difusión do plan

O plan terá que ser aprobado en consello escolar, nese momento xa se dará publicidade ao mesmo. Para o profesorado que se incorpore o curso que vén a información darase no inicio do curso no claustro inicial e tamén se transmitirá a través dos responsables do plan de acción.